# ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
# O DÍA 11/07/2022
# (Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
ARGIMIRO SERÉN MERA
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
MATILDE LAYA LORENZO

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**
MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 11/07/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04 de xullo de 2022, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2022/2318**
Dáse conta do informe do responsable do Servizo de Alumeado Público, Auditorio e Estacións de Bombeo, en relación co funcionamento do Bombeo Pousadoiro, no que se indica que das extraccións das distintas augas sanitarias realizadas con motivo dunha importante avaría na estación de bombeo, despréndese o seguinte:
- A Empresa Tesalumy verte á rede de sumidoiros espuma, xabón e produtos químicos con cheiro a sulfuros e ozono, utilizados para a limpeza de camións e depósitos, provocando que as mangueiras das bombas e as boias inchen e formen bloques de xabón.
- A Empresa Fundivisa verte unha pasta densa aceitosa grisácea con micro metais e proveniente de baldeo da nave e das máquinas.
- DS Smith verte unha pasta con cor violeta utilizada para o pintado dos cartóns.
- As Empresas Embalaxe Sistemas y Servicios Export SL, Kemegal, Hiperferro, Isucarpi e Azecom, descoñécese que tipo de augas verten á rede de sumidoiros.
- Conservas Portomar verte auga salgada quente do cocido de berberecho e mexilón, enchendo o seu tubo de desaugadoiro durante 20 minutos cada hora.

Todos estes produtos químicos, xabóns e auga salgada mesturados solidifican no bombeo e impulsión causando atrancos e avarías nas bombas e boias.
O custe de reparación da avaría producida recentemente polos vertidos das empresas citadas ascende aproximadamente aos seguintes importes:
- Dúas bombas novas para o Bombeo do Pousadoiro: 9.706,72 (máis IVE)
- Custe aproximado da Empresa Contucho: 40.000 €
- Importe empresa Aldiesa Obras e Servizos: 4.210,80 € (IVE incluído)
- Custe aproximado dos Servizos Municipais postos a disposición para a solución da avaría 6.000,00 € (maquinaria, persoal, materiais, etc.)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir ás empresas citadas coa finalidade de que corrixan as deficiencias detectadas na depuración incorrecta dos vertidos das empresas citadas.

**PRP2022/2319**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Iria Maria Vidal Mollinedo en relación coa prestación do servizo "vaibus" e manifestando a súa preocupación pola posible desaparición do mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a intención do Concello e continuar prestando o servizo "vaibús" e prorrogar a prestación do mesmo.

**PRP2022/2252**
Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Cuadrado García solicitando autorización para o Grupo Político VOX, para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 9 de xullo de 2022, en horario de 11:30 a 14:00 horas, para colocación dunha mesa e carpa informativa
Dáse conta do informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/2253**
Dáse conta de escrito de Dona Daisy Alcalde Monteagudo solicitando autorización para realización dun evento xunto co CIM, o día 2 de xullo de 2022, en horario de 11:00 a 15:00 horas na Rúa Méndez Núñez para celebrar o Día do Orgullo LGTBI.
Dáse conta de informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/2254**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Fernández Maneiro solicitando autorización para ocupación de vía pública o día 1 de xullo de 2022 no Parque Miguel Hernandez, en horario de 19:30 a 21:30 horas, con motivo da presentación dun libro.
Dáse conta de informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/2262**
Dáse conta de escrito presentado por D. Rafael Barcala Santiago en relación co estado de abandono da parcela situada na Rúa Carregal nº 11 de Trabanca Padiña.
Dáse conta de informe da Policia Local no que se indica que a citada parcela se atopa en claro estado de abandono con maleza baixa, cunha edificación semirematada, e sobre todo destacar que non posúe valado que impida que se poida acceder dende a calzada existindo restos evidentes de que soe ser lugar de xuntanza de persoas drogodependentes.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir á propiedade (Hros. Eligio Díaz Abuin) para que procedan ao valado e peche do terreo e o mantemento do mesmo en condicións de salubridade.

**PRP2022/2265**
Dáse conta de escrito presentado por d. Abraham Díaz Rey e Dona concepción Rey Aboal solicitando novamente que se comprobe a titularidade do terreo situado diante da vivenda número 14 da Rúa de Abaixo, Trabanca Badiña.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitirlle os informes emitidos pola Policía Local, así como o acordo de Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2022, do seguinte teor:
"Dáse conta do escrito presentado por D. Abraham Díaz Rey en relación coa colocación de macetas na zona sinalada diante do número 14 da Rua de Abaixo, Trabanca Badiña, que dificultan o acceso á súa vivenda.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que no momento da comprobación non se atopaban colocadas macetas no citado lugar.
Así mesmo comprobase que o vao permanente a que fai referencia se atopa ao día de cobro por parte do Concello, co cal en vigor a pesar de que non se poida ler o numero de placa.
En canto á liña amarela indicar que debería estar presente na anchura do frontal do vao concedido, e en relación á comprobación da titularidade do terreo a que se refire procederase á sua comprobación pola Xerencia Municipal de Urbanismo."

**PRP2022/2266**
Dáse conta de escrito presentado por Dona Maria Rosario Lages Caeiro solicitando a instalación dun espello en Camiño das Saíñas, á altura do número 9, para facilitar a incorporación/xiro á esquerda de vehículos que saen da citada propiedade.
Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espellos efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para a vivenda.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmoble deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación

**PRP2022/2314**
Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar adxudicar o contrato menor para o subministro de dous Scanner Epson WorkForce DS-870N á Empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, por un importe total de 2.917,33 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/2028**
Dáse conta do escrito presentado por REVENIDAS SC, como organizador de Revenidas 22, solicitando un informe da Policía Local que recolla ó operativo espacial que a Policía Local realiza durante a celebración de Revenidas.
Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que o operativo consistirá principalmente na realización de reservas de espazo en zonas de estacionamento de vehículos e control das mesmas durante os días que se realice o evento, así como a regulación, ordenación e control do tráfico rodado e peonil nas rúas próximas á realización dos eventos, tratando de garantirse o servizo para os residentes, tránsito portuario e outros que puideran necesitar aproximación ás zonas con limitación de circulación.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade ao operativo da Policía Local.

**PRP2022/2387**
Dáse conta da seguinte proposta en relación á solicitude de varios establecementos hosteleiros para ampliar o horario de peche na temporada de verán:
A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no seu artigo 5 establece as competencias dos Concellos, sinalando no apartado f) do indicado artigo que é competencia municipal "autorizar as ampliación e reducións sobre o horario xeral, en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17".
Visto o indicado no artigo 17 da lei ao respecto dos horarios:
"1. Mediante orde da persoa titular da consellaría competente na materia, e logo do informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
2. A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas poderá establecer os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral."
En aplicación destes artigos pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo ditouse a Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche de establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos

públicos e das actividades recreativas, na que se sinalan os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.
Visto o artigo 7 da Orde do 23 de outubro de 2020 onde se prevé que con carácter xeral o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas a que se refire esta orde ampliarase:

- Media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Visto o artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020 que establece que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.
Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.
Visto o artigo 13 no que se establece o réxime especial de horarios de peche de determinados establecementos abertos ao público, e así indica:

1. Os concellos que teñan obtido a declaración de zona de grande afluencia turística para os efectos de horarios comerciais, de acordo coa vixente normativa de comercio interior de Galicia, nos termos e cos límites temporais establecidos na correspondente declaración, poderán autorizar, logo da petición das persoas titulares das actividades de restauración, ocio e entretemento, horarios especiais, que supoñan unha ampliación dos horarios xerais de peche, para os devanditos establecementos.

Nestes supostos, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público.
Vistos os informes da Policía Local, de data 06/07/2022, nos cales se informa sobre a existencia de denuncias tramitadas en relación a incumprimentos de horarios e ruídos dos establecementos que teñen presentadas solicitudes de ampliación de horario de verán.
A Xunta de Goberno Local acorda:
1. Aprobar  as solicitudes de ampliación de horario de verán aos seguintes establecementos:

- BAR MIUDO en Rúa Romero Ortiz nº 37
- RÖTO en Praza Martín Gómez Abal nº 6

2- Outórgase a ampliación de 1 hora sobre o horario de cerre e por un período que vai dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2022.

## BENESTAR SOCIAL

### BENESTAR SOCIAL

**PRP2022/2288**
Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar e o informe da Traballadora Social, a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B94065661, de 169,28 €, con cargo á partida 323.48007, en concepto de devolución de cotas por revisión/rectificación.
2.- Que a empresa adxudicataria Bonecos proceda a devolución do importe indebidamente cobrado a persoa usuaria de acordo co informe da Traballadora social.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2022/2308**
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, en relación coa V Edición do Festival Internacional de Música Clasclas 2022, a Xunta de Goberno Local acorda:
Primeiro.- A anulación dos gastos asignados ao Cuarteto Quiroga na proposta de gasto 2022/1336 aprobada pola XGL con data de 02/05/2022 e polo importe total de 4.961,00 € con cargo á partida 2022-3261-22609 do Proxecto 2022-3-POS22-3, debido á cancelación do Concerto.
Segundo.- A aprobación do pago a favor do Trío Guarneri de Praga – Beatrix- Elisabeth Jerie-Schneider con pasaporte suizo X3682520, dos gastos referidos ao Concerto ofrecido polo Trío Guarneri de Praga o pasado 1 de xullo de 2022 en substitución do Cuarteto Quiroga polo importe total de 4.950,00 € (4.500,00 € + 450,00 € do IVE) e con cargo á partida 2022-3261-22609 do Proxecto 2022-3-POS22-3
Terceiro.-Denegar o aboamento dos gastos de viaxe a favor do Cuarteto Quiroga, de conformidade co contrato asinado, dado que o citado cuarteto non viaxou a Vilagarcía de Arousa na data prevista.
Cuarto.- A aprobación dos gastos derivados da ampliación do aluguer do Piano de cola Steinway & Sons D274 a favor da empresa Hinves Pianos S.L. polo importe total de 620,73 € (513,00 € + 107,73 do 21 % IVE) e con cargo á partida 2022 3261 205 do Proxecto con código 2022-3-CRRTE-6 do orzamento do Festival para o ano 2022.

**PRP2022/2321**
Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Espacio do Lector SL para o subministro de materiais bibliográficos con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 3.803,86 € (IVE incluído) con cargo á partida 3321.22001.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/2323**
Dáse conta do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo o 2º curso do Programa Universitario de Maiores IV Ciclo, con unha aportación económica de 11.414,31 por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa con cargo á partida 320.22610, para afrontar os gastos de docencia, coordinación, desprazamento , dietas e locomoción do profesorado e titores, así como do material didáctico necesario.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

### SANIDADE
**PRP2022/2317**
Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor dun servizo extraordinario de limpeza nos Cemiterios Municipais de Vilagarcía de Arousa e Carril á Empresa Troquiña SL, por un importe total de 12.995,36 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22699, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

**PRP2022/2286**
O día 29/06/2022 Augas de Galicia remitiu escrito a este Concello polo que se comunica que realizaron unha auditoría periódica da EDAR do Concello na que avaliaron o seu funcionamento. Achegan o informe correspondente á auditoría realizada onde se recollen os aspectos máis salientables.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito á Empresa Espina & Delfín SL aos efectos oportunos e coa finalidade de subsanar as deficiencias detectadas.

**PRP2022/2302**
Vista a proposta do Departamento de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Fundación Galicia Obra Social para distribución de entradas de actividades organizadas polas rutas marítimas en Galeón, que vai desenvolver o Concello en colaboración coa Asociación Rompetimóns no verán 2022, por un importe de 60,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22799.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/2311**
Dáse conta de escrito presentado por D. José Artiaga Barreira con DNI 33.831.978 J e domicilio a efectos de notificación en Rúa Andrés Fernández nº 1 de Vilagarciá de Arousa 36610 no que EXPON o seguinte:
- Que recibe a auga do manancial da parcela 764, tamén da súa propiedade, para as necesidades da propia finca ata a construción da vía VG-4.7
- Que dende a construción da VG-4.7 a auga chega con residuos de aceite , gasóleos , plásticos e outros vertidos procedentes da mencionada vía VG-4.7
- Manifesta que non existe legalmente a posibilidade de constituír unha servidume sobre a súa propiedade posto a inexistencia de terceiros beneficiarios, que a auga que recibe provén de dita parcela 764 ( da súa propiedade)doutro lado da vía publica e denuncia que a auga que debería de recibir na súa finca debería ser polo discorrer natural sen intervención do home.
- Di que todo isto é consecuencia dunha deficiente resolución dos problemas xerados polas obras de VG-4.7

De esta maneira D. José Artiaga Barreira solicita a recuperación do dereito a recibir a auga do manancial libre de aceite , gasóleos, plásticos e calquera outro residuos
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito do Sr. Artiaga Barreira á Consellería de Infraestruturas aos efectos oportunos.

**PRP2022/2324**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por MADERAS J. REDONDO SL, para o subministro de madeira para reposición de zona de sombreo para persoas con mobilidade reducida na Praia de Compostela, por un importe total de 2.109,39 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### TURISMO

**PRP2022/2327**

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización da actividade "AS NOVE NA PRAIA 2022", cun orzamento total de 10.465,70 €, con cargo á partida 432.22610, que se vai a desenvolver do 21 de xullo ata o 3 de agosto nas inmediacións do pinar da Praia da Concha-Compostela, coa seguinte desagregación:

| CONCEPTO | PROVEEDOR | NIF/CIF | IMPORTE (IVE ENGADIDO) |
|---|---|---|---|
| Instalación de equipo de son, luces e asistencia técnica ao evento "AS NOVE NA PRAIA 2022" en vivo e DJs a celebrar dende o 21/07/2022 ata 0 03/08/2022 | DND PRODUCTIONS<br>Carlos Galbán Zaragoza<br>Avda. Juan Carlos I nº 42<br>36600-VILAGARCIA DE AROUSA | 35449729 J | 3.049,20 € |
| Aluguer, montaxe e desmontaxe de 2 haimas de 5 x 5 m. con tarima enmoquetada e dobre teito de vélum | ADELANTE EVENTOS E SERVICIOS SL<br>Avda. Benito Vigo, 88 Entlo.<br>36680-A ESTRADA | B36492585 | 2.541,00€ |
| Venres 22 de xullo.. Concerto AS ANTONIAS | ACTURA 12 S.L<br>C/Paris 64-66<br>08029-BARCELONA | B65758427 | 484,00€ |
| Domingo 24 de xullo.<br>Actuación do grupo MALLOU | CHARLATANA S. COOP. GALEGA<br>Rúa Preguiza 218, Cabo de Cruz<br>15930-BOIRO | F70514179 | 484,00€ |
| Martes 26 de xullo.<br>Actuación do grupo BLUES DO PAIS | CHARLATANA S. COOP.GALEGA<br>Rúa Preguiza 218, Cabo de Cruz<br>15930-BOIRO | F70514179 | 484,00€ |
| Xoves 28 de xullo.<br>Concerto de TNT Band | ASOCIACIÓN MÚSICO CULTURAL TNT BAND<br>Rosaleda Rua 3 nº 6<br>36611-Vilagarcía de Arousa | G-94204070 | 400,00€ |
| Sábado 30 de xullo.<br>Concerto musical do grupo "AAMIGAFEA" | GRUPO MUSICAL "AAMIGAFEA"<br>Representante Vanesa Cortés Rodríguez<br>eULENBERGSTRAISE 18.3.OG<br>CP 51065-COLONIA (ALEMANIA) | 34627953G | 400,00€ |
| Luns 1 de agosto.<br>Actuación de GRAMOLA | MUSTRAMIT, SL<br>C/Verge de Núria 38<br>17457-RIUDELLOTS DE LA SELVA<br>GIRONA | B55029177 | 423,50€ |
| Mércores 3 de agosto.<br>Actuación BROKEN PEACH | BROKEN PEACH<br>Pedro González Neira<br>C/López Mora nº 5-Esq. 10º C<br>36211-VIGO | 36116761E | 2.200,00€ |
| | | TOTAL | 10.465,7€ |

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### SPAD

**PRP2022/2381**

Vista a proposta da Directora do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Sanidade para desenvolvemento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por Concellos, Mancomunidades de Concellos ou Agrupacións de Concellos, correspondente aos gastos do terceiro pagamento a conta do proxecto de prevención promovido pola Agrupación de Concellos de (Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa) da que o Concello de Vilagarcía de Arousa actúa como representante único.

## CULTURA

**PRP2022/2303**

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura de reintegro de gasto correspondente á non prestación do servizo de produción técnica para concerto LA LA LOVE YOY, cancelado.

PRIMEIRO:
En X.G.L. que tivo lugar o pasado día 9 de maio de 2022 adoptou, entre outros a aprobación do orzamento para a celebración das Festas de Santa Rita 2022 cun importe total de 44.664,96€, na que se indica o gasto correspondente a produción técnica para o concerto de LA LA LOVE YOU o día 21 de maio de 2022, servizo que prestaba a empresa GLOBAL SETUP S.L. por un importe total con IVA incluído de 5.842,00€
SEGUNDO:
Según informe presentado, o Concerto de LA LA LOVE YOU, foi cancelado por causas alleas a esta Concelleria, polo tanto o servizo correspondente a produción técnica, que prestaba a Empresa GLOBAL SETUP S.L. non se realizou.
Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda anular a cantidade correspondente o gasto de produción técnica, a cargo da empresa GLOBAL SETUP S.L. por un importe de 5.842,00€ se reintegre a partida correspondente

**PRP2022/2304**
Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños de Vilaxoán, por un importe total de 1.799,79€:

| Concepto | Importe | Partida | Provedor |
|---|---|---|---|
| Adxud. Subm. Loneta e confección cortinas para renovar escenario do C.C. Vilaxoán | 939,75 € | 334 62500 | Vidal Herbon Mª Dolores |
| Material Diverso | 470,05<br>389,99 | 334 22703<br>334 62500 | Castroman I, S.L. |
| | | | |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/2305**
Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a AAMMRR Xiabre de Guillán, por un importe total de 1.800,00€, con cargo á partida 334.22703:

| Concepto | Importe | Provedor |
|---|---|---|
| Limpeza e mantemento do Centro Cultural | 1.800,00€ | AAMMRR Xiabre de Guillán |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/2306**
Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Miguel de Trabanca Badiña, por un importe total de 1.800,00€, con cargo á partida 334-22703:

| Concepto | Importe | Provedor |
|---|---|---|
| Material Diverso de limpeza | 901,90€ | Castroman I, S.L. |
| Servizo de Limpeza | 898,10€ | Verónica Otero Zas |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/2307**
Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Veciñal O Souto, por un importe total de 1.799,99€:

| Concepto | Importe | Partida | Provedor |
|---|---|---|---|
| 5 cadeiras modelo araba | 309,22 | 334-62500 | Ofimática Arosa SL |
| Material de limpeza | 395,77 | 334-22703 | Cepillos Mariño, S.L. |
| Material doméstico | 1.095,00 | 334-62500 | Castroman I, S.L. |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CONTRATACIÓN

**PRP2022/2296**
Dáse conta do escrito da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural resolvendo autorizar os traballos de "Limpeza da fonte de Castroagudín". A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/2271**
Dáse conta da cesión gratuíta ao Concello por parte da Xunta de Galicia da parcela denominada "Ferrazo" de 15.000 m², sita en Sobradelo, na rúa Valle Inclán. Ocupada actualmente pola estación depuradora de aguas residuais de Vilagarcía de Arousa.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acepta a devandita cesión.

**PRP2022/2382**
Dáse conta do escrito do Xulgado do Social nº2 de Pontevedra, solicitando que o Concello de Vilagarcía informe á maior brevidade posible si hai algunha contía pendente de pago ao Liceo Casino Vilagarcía por parte do Concello.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que está pendente de pago a contía de 8.000,00 € pola compra da obra pictórica de Antón Rivas Briones titulada "ALEGORIA DE LA DANZA".

**PRP2022/2386**
Vista a proposta de adxudicación: CT 40/2022-e Contratación da actuación do artista Mon Laferte, nas festas de San Roque 2022.
Dáse conta do escrito presentado por I Wanna Mangement, de data 6 xullo de 2022, que literalmente di:
"Por la presente se comunica la renuncia al contrato CT40/2022 relativo al concierto de Mon Laferte previsto para el próximo 14 de agosto de 2022 en Vilagarcía de Arousa dentro de la programación de Fiestas de San Roque por motivo de la cancelación de la artista de la primera parte de su gira española.
Con fecha 4 de julio de 2022 esta parte ha solicitado a la entidad VLZGZ SL, con CIF B99558942 un documento de cancelación de gira. Este documento se aportará en el mismo instante que esta parte lo reciba.
Lo que se comunica a los efectos oportunos."
Dado que o licitador presentou unha oferta inicial na licitación pero non presentou una oferta final no proceso de negociación seguido e, dado que o contrato non se adxudicou, o escrito de renuncia ao contrato presentado polo licitador I wanna managenment, S.L., debe entenderse como unha retirada da oferta inicialmente presentada.
Procede a aplicación, "a sensu contrario", del artículo 150.3 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público que establece que "o órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego. Do citado precepto desprendese que o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación ben cando non se presentaran ofertas, ben cando éstas no sexan admisibles conforme aos pregos.
Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda deixar deserto o procedemiento negociado sen publicidade previsto no art. 168.2 a) da lei de contratos do sector público para adxudicar o contrato privado denominado "Actuación de la artista Mon Laferte, en las fiestas de San Roque 2022".

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2022/2297**

Visto o expediente de gasto INT/2022/286 integrado pola relación de xustificantes F/2022/72 de AUTORIDAD PORTUARIA VILAGARCÍA por importe de 2.974,57€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1-Ampliación por importe de 974,57 € da adxudicación aprobada en Xunta de Goberno Local de data 09/05/2022 da Autoridade Portuaría de Vilagarcía, correpondente as taxas da autoridade portuaria nas Festas de Santa Rita 2022 (AD 22022/6415), debido a que o gasto aprobado era estimativo e resultou ser maior.

2-Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/72, por importe de 2.974,57€ co seguinte desglose:

| REG. | Documento | Fecha Doc. | Importe | Prog. | Econ. | Nombre Ter. | Texto Libre |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2022/3975 | 0/2022/1632 | 31/05/2022 | 284,87 | 338 | 225 | AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCIA | INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA DURANTE AS FESTAS DE SANTA RITA 2022. 12/05/2022-30/05/2022. (CULTURA). |
| F/ 2022/3975 | 0/2022/1632 | 31/05/2022 | 2.000,00 | 338 | 225 | AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCIA | INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA DURANTE AS FESTAS DE SANTA RITA 2022. 12/05/2022-30/05/2022. (CULTURA). |
| F/ 2022/3988 | 0/2022/1633 | 31/05/2022 | 689,70 | 338 | 225 | AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCIA | TAXA INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN ATRACCIÓNS DE FEIRA DURANTE FESTAS DE SANTA RITA 2022. DO 12/05/22 A 30/05/22. (CULTURA). |
| | | TOTAL | 2.974,57 | | | | |

**PRP2022/2298**

De conformidade coa Operación "Desarrollo de planes de intervención para la inclusión" da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado "Xestión e dinamización do Banco do Tempo", tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Igualdade, acórdase a aprobación e Recoñecemento de Obriga da seguinte factura:

| PROVEEDOR | FACTURA | IMPORTE | APLICACIÓN | OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO |
|---|---|---|---|---|
| O SOÑO DE LILITH | _2022 1<br>REG 2022/4209 | 756,25€ | 231-2279917<br>AD 2022-5472 | Xestión e dinamización dp Banco de Tempo. Maio 2022 |

**FINANCIACIÓN FONDOS FEDER:**

Liña de actuación Operación VLG_LA_17_ INCL, ao Proxecto 2018-3-DUSI-3 e a aplicación orzamentaria 231-2279917.

**PRP2022/2300**

Visto o expediente de gasto INT/2022/000285 integrado pola relación de xustificantes F/2022/73 por importe de 7.450,19€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/73 por importe de 7.450,19€, co seguinte desglose:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Progr. | Econ. | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2022/2695 | N03 223117837 | 25/04/2022 | 39,52 | 161 | 22699 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | DATOS DO SUBMINISTRO: Titular do contrato: CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA Enderezo do subministro: CERVANTES 7 |
| F/ 2022/2710 | 02148000012622F | 30/04/2022 | 742,60 | 334 | 22700 | CLECE, S.A. | Incremento de frecuencia de limpieza de la instalacion BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | correspondiente al |
| F/ 2022/2722 | 001221903 | 30/04/2022 | 1.099,81 | 165 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | LUM.VIAL LEDSTREETLIGHT 20W 4000K SELUM.VIAL LEDSTREETLIGHT 20W 4000K SE / FLEXOMETRO CINTA 5m 3026815FLEXOMETRO CINTA 5 |
| F/ 2022/2723 | 001221904 | 30/04/2022 | 170,25 | 3261 | 212 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | BRIDA POLIAMIDA BLANCA DE 4,8X287BRIDA POLIAMIDA BLANCA DE 4,8X287 / CABLE SIMON 01 MULTIFIX 3G1.5 3m BLANCOCABLE SIMON |
| F/ 2022/2724 | 001221905 | 30/04/2022 | 21,42 | 160 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | SOPORTE 30º 35,4MM BG/S 1201086 PHOENIXSOPORTE 30º 35,4MM BG/S 1201086 PHOENIX |
| F/ 2022/2746 | Emit- 057 | 03/05/2022 | 326,10 | 3321 | 22103 | SERVICIOS LACAR SALNES, S.L. | PELLETS ( SUMINISTRO DE PELLET PARA CALEFACCION EN BIBLIOTECA MUNICIPAL ) |
| F/ 2022/2748 | Emit- 708 | 03/05/2022 | 562,65 | 334 | 212 | DIPETRINTA, S.L. | ROLLO LINOLEO 2X10 MT NEG |
| F/ 2022/2749 | Emit- 709 | 03/05/2022 | 11,19 | 160 | 213 | DIPETRINTA, S.L. | CONEXION USB MUSB M 5 M |
| F/ 2022/2757 | Emit- 0150 | 04/05/2022 | 30,25 | 3321 | 213 | INSTAL. ECOVILA, S.L. | CALEFACTORES ( LIMPIEZA DE QUEMADOR Y PUESTA EN MARCHA DE CALDERA EN BIBLIOTECA MUNICIPAL ) |
| F/ 2022/2758 | Emit- 0151 | 04/05/2022 | 96,80 | 3262 | 213 | INSTAL. ECOVILA, S.L. | CALEFACTORES ( LIMPIEZA DE CALDERA DE PELLETS EN ESCUELA DE MUSICA ) |
| F/ 2022/2759 | Emit- 152 | 04/05/2022 | 30,25 | 320 | 213 | INSTAL. ECOVILA, S.L. | CALEFACTORES ( REVISIÓN DE CALDERA EN COLEGIO A LOMBA ) |
| F/ 2022/2763 | Emit- 0153 | 04/05/2022 | 30,25 | 3321 | 213 | INSTAL. ECOVILA, S.L. | CALEFACTORES ( LIMPIEZA DE CENICERO QUEMADOR POR ATASCO Y PUESTA EN MARCHA DE CALDERA EN BIBLIOTECA MUNICIPAL ) |
| F/ 2022/2765 | Emit- 0154 | 04/05/2022 | 60,50 | 320 | 213 | INSTAL. ECOVILA, S.L. | CALEFACTORES ( REVISIÓN DE CALDERA DE GASOIL EN COLEGIO A LOMBA ) |
| F/ 2022/2768 | Emit- 0155 | 04/05/2022 | 96,80 | 3321 | 213 | INSTAL. ECOVILA, S.L. | CALEFACTORES ( LIMPIEZA DE CALDERA DE PELLETS EN BIBLIOTECA MUNICIPAL ) |
| F/ 2022/2806 | 1220500076 | 05/05/2022 | 152,00 | 160 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | ALICATE 1/2 REDONDO CORTO 200MM / DISYUNT MAGNETOTERM 9-14A / CONT AUX FRONT NA/NC |
| F/ 2022/2807 | 1220500075 | 05/05/2022 | 111,54 | 3261 | 212 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | SLIM ECO DOWN-LED 18W RED BL 6500K |
| F/ 2022/2808 | 1220500074 | 05/05/2022 | 451,71 | 160 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | PUNTERA HUECA CORTA APF-6,00 / PUNTERA HUECA CORTA APF-1,00 / PUNTERA HUECA CORTA APF-1,50 / PUNTERA HUECA DOBLE APF/D-1 |
| F/ 2022/2809 | 1220500066 | 05/05/2022 | 282,41 | 241 | 212 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | (A)RC065B LED34S/840 PSU W60L60 NOC |
| F/ 2022/2810 | 1220500064 | 05/05/2022 | 172,06 | 165 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | AFIRENAS-X RZ1-K 0,6/1KV 3G2,5 VERDE R.100 |
| F/ 2022/2811 | 1220500077 | 05/05/2022 | 10,41 | 160 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | SEÑALIZADOR CAB 3 3 - 2,5MM2 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2022/2812 | 1220500067 | 05/05/2022 | 206,93 | 160 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | FLUKE 323 PINZA AMPERIMETRICA 400A AC TRUE RMS / DESTORNILLADOR PZB 2X125 1000V SLIM / DESTORNILLADOR PZB 1X100 1000V SL |
| F/ 2022/2813 | 1220500068 | 05/05/2022 | 325,42 | 241 | 212 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | (A)RC065B LED34S/840 PSU W60L60 NOC / ESTANDAR NATURAL 12 POLOS 2,5 MM2 / ESTANDAR NATURAL 12 POLOS 6 MM2 / ESTANDAR NAT |
| F/ 2022/2814 | 1220500078 | 05/05/2022 | 30,25 | 160 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | REPARACION HERMES LC-2+ |
| F/ 2022/2815 | 1220500069 | 05/05/2022 | 8,41 | 165 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | LATA CON 10 DISCOS DE CORTE DE ALTO DESEMPEÑO PARA ACERO INOX 125 X 1 X 22.23MM |
| F/ 2022/2816 | 1220500065 | 05/05/2022 | 87,24 | 160 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | HTA.MANUAL PARA PUNTERA SF-35 |
| F/ 2022/2817 | 1220500079 | 05/05/2022 | 115,42 | 160 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | DISYUNT MAGNETOTERM 9-14A / CONT AUX FRONT NA/NC |
| F/ 2022/3041 | Emit-22 304 | 06/05/2022 | 2.178,00 | 920 | 213 | INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ, S.L.U. | Mantemento preventivo para o ano 2022 do sistema de climatización instalados na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa |
| | | TOTAL | 7.450,19 | | | | |

**PRP2022/2325**

Visto o expediente de gasto INT/2022/000283 integrado pola relación de xustificantes F/2022/60 por importe de 493.910,68€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

Visto o informe de Covalidación da concellería delegada que se integra no expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Convalidación do expediente de gastos á vista do informe do/a Concelleiro/a delegado/a co seguinte detalle:

| Fase | PARTIDA | Importe | Nombre Ter. | Texto Libre |
|---|---|---|---|---|
| AD | 334 22703 | 943,80 | PIÑEIRO AVILA, JOSUÉ XABIER | LIMPEZA CENTRO SOCIO-CULTURAL DE VILAXOAN (CULTURA). |

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/60 por importe de 493.910,68€, co seguinte desglose:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Progr. | Econ. | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2022/1494 | 2022/0365 | 28/02/2022 | 68.400,53 | 1623 | 22700 | SOGAMA, S.A. | Tratamento RU Mes Febreiro 2022 |
| F/ 2022/1822 | 22J9LV000046 | 23/03/2022 | 2.152,55 | 1622 | 22700 | PREZERO ESPAÑA, S.A.U. | TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMI |
| F/ 2022/1928 | G0VF- 520 | 07/03/2022 | 123,42 | 4312 | 212 | GANDARA GONZALEZ, JUAN A. | M2. AZULEJO BLANCO 15X15 / OBRA-MERCADOS / Albarán G11A / 2037 / Fecha 25 / 02 / 2022 |
| F/ 2022/2029 | 202202003 | 31/03/2022 | 109,51 | 4312 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | ANGULO INOX 20X20MM ADHESIVO 250CM* / ORDE DE COMPRA Nº13059 / RESPONSABLE DE COMPRA JESUS CRESPO ARAUJO / BOSCH BROCA S |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2022/2371 | A 399 | 09/04/2022 | 862,73 | 1720 | 22602 | VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L. | Sustrato Rígido DIBOND 3mm / + Impresión en vinilo HQ AVERY polimérico / + Laminado protector Brillo / de medida: 50x70c |
| F/ 2022/2609 | Emit- 2022022 | 25/04/2022 | 907,50 | 320 | 223 | MR. MISTO PRO AND SER, S.L. | VALENTINA ( PROGRAMACIÓN DE VALENTINA DIA 12 EN VILAGARCIA ) |
| F/ 2022/2625 | TVI22 710 | 19/04/2022 | 76,67 | 171 | 213 | DALONGA, S.A. | M.O SUSTITUIR 1 RUEDA DE REMOLQUE ( PEUGEOT BOXER MAT:PO8852BT OR TALLER:1754971 RESPONSABLE: MARIA DOLORES BARREIRO SU |
| F/ 2022/2674 | 02148000010622F | 30/04/2022 | 48.291,78 | 320 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza de centros educativos Abril de 2022CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Abril de 2 |
| F/ 2022/2676 | 02148000011422F | 30/04/2022 | 65,64 | 241 | 22700 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES DE PROMOCIÓN ECONOMICA (EMPLEO): ESCUELA OBRADOIRO Abril de 2022Escola Obradoiro |
| F/ 2022/2677 | 02148000011222F | 30/04/2022 | 1.609,31 | 3261 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza CONSERVATORIO Abril de 2022Importe servizo |
| F/ 2022/2680 | 02148000010922F | 30/04/2022 | 298,99 | 241 | 22700 | CLECE, S.A. | EDIFICIO MATOSINHOS Abril de 2022Importe servizos |
| F/ 2022/2682 | 02148000010322F | 30/04/2022 | 141,04 | 320 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza en el Aula de Educación de Adultos durante Abril de 2022Importe servicios |
| F/ 2022/2686 | 02148000011722F | 30/04/2022 | 337,76 | 920 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL E GAC EN A MAROMA Abril de 2022GAC / Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL E G |
| F/ 2022/2706 | 02148000012122F | 30/04/2022 | 108,61 | 241 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza semanal en la OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DIGITAL situada en la PRAZA ARCEBISPO LAGO durante e |
| F/ 2022/2707 | 02148000012822F | 30/04/2022 | 7.467,42 | 320 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoco |
| F/ 2022/2709 | 02148000012722F | 30/04/2022 | 139,19 | 432 | 22700 | CLECE, S.A. | OFICINA DE TURISMO EN PLAZA DE PESCADERIA. Incremento de frecuencia de limpieza en la instalación, correspondiente al me |
| F/ 2022/2715 | 02148000013122F | 30/04/2022 | 635,37 | 3261 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoco |
| F/ 2022/2717 | 948 221202347 | 30/04/2022 | 200,74 | 171 | 203 | BAYGAR, S.L. | DESTOCONADORA VERMEER SC292 / Seguro DESTOCONADORA VERMEER SC292 / MANUTENCION GASOLINA |
| F/ 2022/2721 | VIL-22 004 | 30/04/2022 | 386,36 | 231 | 22799 | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. | Limpeza, mantemento e conservacion de espazos naturais e zonas verdes no entorno do concello |
| F/ 2022/2721 | VIL-22 004 | 30/04/2022 | 386,36 | 171 | 22199 | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. | Limpeza, mantemento e conservacion de espazos naturais e zonas verdes no entorno do concello |
| F/ 2022/2753 | A 12959 | 03/05/2022 | 69,70 | 171 | 22199 | EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L. | GUANTE FLEXYCOTTON |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2022/2795 | 2022/1060 | 30/04/2022 | 76.686,94 | 1623 | 22700 | SOGAMA, S.A. | Tratamento RU Mes Abril 2022 / Bonificación ( AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA ) |
| F/ 2022/2984 | FAC 275921 | 27/04/2022 | 695,41 | 920 | 22699 | REDINOR, S.L. | CAJA DE PROYECTOS 5 AZUL FABRISA 0851 / 15915 / CAJA DE PROYECTOS 7 AZUL FABRISA 0871 / 15920 / CAJA DE PROYECTOS 9 AZUL |
| F/ 2022/3032 | 5603205591 | 30/04/2022 | 254.414,16 | 1621 | 22700 | PREZERO ESPAÑA, S.A.U. | CANON ABRIL 2022. 1/12 de canon aprobado en Pleno del 9/03/00 más revisiones de precios y ampliación, aprobada en pleno |
| F/ 2022/3033 | 5603205592 | 30/04/2022 | 9.536,01 | 1621 | 22799 | PREZERO ESPAÑA, S.A.U. | CANON C. Y P. ABRIL 2022. 1/12 de canon aprobado por la Comisión Municipal de Gobierno del 9/12/96, más revisiones de pr |
| F/ 2022/3035 | Emit- 220392 | 20/04/2022 | 594,23 | 171 | 22199 | KIMU 2000, S.L. | FLORIN ALGEN EX (Garrafa 30 Lts) + GRIFO |
| F/ 2022/3049 | 5603206048 | 30/04/2022 | 990,00 | 1622 | 22700 | PREZERO ESPAÑA, S.A.U. | TRANSPORTE VOLUMINOSOS ABRIL 2022. Importe del transporte de voluminosos. Se adjuntan 6 albaranes: 2 albaranes de 1 viaj |
| F/ 2022/3064 | 4-30- 2022 | 25/04/2022 | 440,00 | 320 | 223 | EMPRESA PEREIRA, S.L. | 20/04/2022 Traslado desde Ceip Rosalía de Castro al Auditorio de Vilagarcía para película de animación Valentina; esper |
| F/ 2022/3073 | A 22072 | 31/03/2022 | 107,88 | 171 | 213 | TROQUIÑA, S.L. | CINTA DE FRENO / CADENA 91-S 50 GUIAS / MANO DE OBRA DE DESMONTAR Y MONTAR , SUSTITUIR PIEZAS Y REVISAR / CARRETE DE CA |
| F/ 2022/3081 | 202203194 | 30/04/2022 | 7,95 | 132 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | CANDADO TITALIUM 40MM ARCO LARGO |
| F/ 2022/3102 | 22101 | 30/04/2022 | 391,39 | 171 | 22199 | PADIN SILVA, FRANCISCO | ROLLO DE NYLON BENZA E BOTE ACEITE MEZCLA LS 1L. (PARQUES E XARDÍNS). |
| F/ 2022/3110 | A 22137 | 30/04/2022 | 119,50 | 171 | 22199 | TROQUIÑA, S.L. | CARRETE DE CABEZAL 46-2 Y 56-2 / AUTOCUT 46-2 / SERVIZO: PARQUES E XARDINS / RESPONSABLE DA COMPRA: DOLORES BARREIRO SUM |
| F/ 2022/3124 | 1220500282 | 13/05/2022 | 372,18 | 160 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | PUNTERA HUECA CORTA APF-1,00 / RELE MINIATURA +LED 6A 4NANC 24VAC / HERMES LC-2+ANTENA+CABLE USB |
| F/ 2022/3125 | 1220500283 | 13/05/2022 | 62,80 | 160 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | CONTACTOS AUXILIARES 1C+1A / 22 BRIDA PARA USO EXTERIOR NEGRO 4,8X188 U61X / 22 BRIDA PARA USO EXTERIOR NEGRO 7,6X299 U6 |
| F/ 2022/3126 | 1220500284 | 13/05/2022 | 10,41 | 160 | 22199 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | SEÑALIZADOR CAB 3 0 - 2,5MM2 |
| F/ 2022/3127 | Emit- 12571 | 13/05/2022 | 345,60 | 4312 | 22000 | IMPRENTA AGQ, S.L. | 1 paquete 60 talonarios confeccion padrones y 4 blocs puestos santa Rita |
| F/ 2022/3134 | 0 000033 | 13/05/2022 | 11.446,60 | 171 | 213 | NELMAR, S.L.U. | Reparación de caucho existente. Cortar y levantar zonas de caucho deteriorado y sanear base. Traslado de residuos a vert |
| F/ 2022/3135 | 202203218 | 13/05/2022 | 220,44 | 1720 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | GUANTE 5072MF MAXITECH NYLON RECUB.PU/NITRILO T-10 / GUANTE PIEL FLOR VACUNA NATURAL T-10 / VAL.ESF.ENLAC.TUBO POLIETILE |
| F/ 2022/3142 | 202203216 | 13/05/2022 | 35,10 | 1720 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | LIJA MADERA 00/180- MEDALLAS 230X280MM / CIEN TORNILLO 5,0X60 H.F.INOX A2 / ORDE DE COMPRA Nº |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | 9771 / RESPONSABLE DE COMP |
| F/ 2022/3143 | 202203215 | 13/05/2022 | 168,92 | 171 | 213 | CASTROMAN I, S.L. | CILINDRO 5964-2525/4L. NIQUEL / ORDEN COMPRA: DOLORES BARREIRO SUMAY / PISTOLA TERMOENCOLAR 80W 8500760 CE / CEYS MONTAC |
| F/ 2022/3147 | Emit- 774 | 13/05/2022 | 562,65 | 334 | 212 | DIPETRINTA, S.L. | ROLLO LINOLEO 2X10 MT NEG |
| F/ 2022/3153 | 401220164 | 16/05/2022 | 217,80 | 165 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | L.VIALOX NAV-T 100 SUPER 4Y E40 0015743L.VIALOX NAV-T 100 SUPER 4Y E40 0015743 / LAMP.VIALOX NAV-T 150 SUP.4Y E40 002440 |
| F/ 2022/3154 | 401220165 | 16/05/2022 | 80,42 | 160 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | CONT.AUX.LATERAL NANC GVAN11CONT.AUX.LATERAL NANC GVAN11 / CONT.AUX.FRONT.NANC GVAE11CONT.AUX.FRONT.NANC GVAE11 / PERFIL |
| F/ 2022/3155 | A 14387 | 03/05/2022 | 246,84 | 171 | 22199 | CANTO BUA, JUAN JOSE | LEJIA SARMIENTO 3X5LT / SACOS DE BASURA INDUSTRIAL 85X105 |
| F/ 2022/3158 | T22 883 | 04/05/2022 | 134,62 | 1720 | 214 | AUTOS IBAÑEZ, S.A. | CAMBIAR ACEITE Y FILTRO / GESTION RESIDUOS / 1 1637768080 - E:FILTRO ACEITE / 1 TOTAL5W30 - QUARZT INEO ECS 5W30 / 1 GAU |
| F/ 2022/3159 | Emit- 0167 | 16/05/2022 | 55,66 | 320 | 213 | INSTAL. ECOVILA, S.L. | CALEFACTORES ( REPARACIÓN DE CALDERA CON SUSTITUCIÓN DE VALVULA DE SEGURIDAD Y MANOMETRO EN CEIP A LOMBA ) |
| F/ 2022/3160 | 4048683291 | 10/05/2022 | 302,74 | 1720 | 213 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | FILOBRUSH-3MM-200M-SQUARE |
| F/ 2022/3346 | 220045 | 09/05/2022 | 40,00 | 2311 | 22106 | RODRIGUEZ MARTINEZ, Mº PILAR | SUMIN. METADONA CLORHIDRATO SOL 1%,, SPAD |
| F/ 2022/3407 | 15/22 | 18/05/2022 | 943,80 | 334 | 22703 | PIÑEIRO AVILA, JOSUÉ XABIER | LIMPEZA CENTRO SOCIO-CULTURAL DE VILAXOAN. (CULTURA). |
| F/ 2022/3416 | P000237/2022 | 19/05/2022 | 40,00 | 2311 | 22106 | CHAVES CASTRO, MANUEL | SOL METADONA 10% 1000 CC. (SPAD). |
| F/ 2022/3418 | 10979/2022 | 01/04/2022 | 1.815,00 | 165 | 22706 | CAPELO GARCIA, ANTONIO | MANTEMENTO DA XESTIÓN ENERXÉTICA E MELLORA CONTINUA. 1º TRIMESTRE 2022. (ALUMEADO PÚBLICO). |
| F/ 2022/3502 | 1060 | 29/04/2022 | 54,45 | 912 | 22601 | OTERO GONZALEZ, MARIA DOLORES | LIMPEZA DE ALFOMBRA ANTESALA SALÓN NOBLE. |
| | | TOTAL | 493.910,68 | | | | |

**PRP2022/2383**

Dáse conta do informe da Intervención Municipal, en relación coa xestión e recadación do recargo provincial sobre o I.A.E. durante o exercicio de 2020, no que se indica que os dereitos liquidados e recadados, correspondentes ó exercicio foron os seguintes:

| CONCEPTOS | IMPORTE TOTAL |
|---|---|
| Total cota municipal | 660.182,96€ |
| Total cota municipal ponderada | 402.784,94€ |
| Total recargo provincial aplicado | 30% |
| Total recargo devengado | 120.079,37€ |

| | |
|---|---|
| Total recargo recadado | 98.696,96€ |
| Total pendente de recadación | 21.382,41€ |

Dáse conta das cantidades recadadas correspondentes a exercicios anteriores e pendentes de ingreso na Tesourería Provincial, coa seguinte desagregación:

| | |
|---|---|
| Recargo Provincial 2019 | 2.024,07€ |
| Recargo Provincial 2018 | 257,16 € |
| Recargo Provincial 2017 | 267,51 € |
| Recargo Provincial 2016 | 37,41€ |
| Recargo Provincial de anos anteriores | 487,07 € |
| TOTAL | 3.073,22 € |

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obrigación a favor da Excma. Deputación Provincial, por importe total de 101.690,60€

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.